

PROXECTO DE OBRAS E ACTIVIDADES DA FÁBRICA DE XEO EXISTENTE E MELLORAS EN EFICIENCIA ENERXÉTICA DO PORTO DE TRAGOVE.

CONFRARÍA E PESCADORES SAN ANTONIO DE CAMBADOS

O obxectivo do presente proxecto é a instalación dunha nova instalación frigorífica con refrixerante R717 para a produción de xeos en escamas e reconversión dos actuais xeneradores de xeos de R404A a R717, mellorándose o rendemento da produción da planta.

Debido á actual situación con F-gas i en concreto a actual situación do refrixerante R-404^a e por outra parte, buscando un mellor rendemento enerxético co amoníaco, propúsoxe a desmontaxe das dúas instalacións existentes e a instalación dunha nova planta frigorífica traballando cun refrixerante natural con ODP=0 y GWP=0, para dar servizo aos 2 xeneradores verticais de xeo en escama V619 y VD746 da súa propiedade, que entreámbolos dous dan unha produción media de 50 toneladas ao día de xeo de 2.2 mm de espesor.

Neste proxecto realizouse a instalación de dúas unidades compresoras da marca SABROE modelos SAB 120 E (incorporando VSD) y SAB 151 S, traballando con refrixerante R-717 e cun réxime de evaporación / condensación de -31°C/+35°C en simple salto con economizador. Os dous compresores enfriarán o aceite por termosifón. Os gases descargados por estes compresores condensaranse mediante un condensador de tipo evaporativo con protección fronte á corrosión Baltibond.

O novo condensador é de aceiro inoxidable A316L. Tódolos elementos da sala de máquinas foron ubicados no actual emprazamento da maquinaria actual de R-404A, polo que estes equipos tiveron que ser desmontados previamente. Aos xeneradores de xeo, realizáronselle as revisións mecánicas necesarias y e consecuentemente as probas de presión dos tambores, para garantir o seu aproveitamento e correcto funcionamento con amoníaco.

O orzamento total do proxecto acada os 600.709,96 € cofinanciados a un 75% polo FEMP (Fondo Europeo Marítimo e da Pesca) da UNIÓN EUROPEA e un 25% da Consellería do Mar da Xunta de Galicia.